

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA

- 15842** *Real decreto 1074/2017, do 29 de decembro, polo que se modifican o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, o Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 634/2015, do 10 de xullo, e o Regulamento do imposto sobre sucesións e doazóns, aprobado polo Real decreto 1629/1991, do 8 de novembro.*

I

Este real decreto introduce modificacións no Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, no Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 634/2015, do 10 de xullo, e no Regulamento do imposto sobre sucesións e doazóns, aprobado polo Real decreto 1629/1991, do 8 de novembro, coa finalidade de adecuar os citados textos regulamentarios á vixente regulación legal, para aclarar o contido de diversos preceptos dos aludidos regulamentos, así como para introducir algunhas modificacións encamiñadas a simplificar a xestión e, polo tanto, reducir cargas administrativas.

Este real decreto consta de tres artigos e dúas disposicións derradeiras.

II

No ámbito do imposto sobre a renda das persoas físicas procédese, en primeiro lugar, a elevar o importe exento das bolsas públicas e das concedidas por entidades beneficiarias do mecenado para cursar estudos, coa finalidade de incrementar a renda dispoñible dos seus perceptores.

En particular, a dotación económica actualmente exenta de 3.000 euros elévase a 6.000 euros anuais, contía que se incrementa ata os 18.000 euros anuais cando a bolsa teña por obxecto compensar gastos de transporte e aloxamento para a realización de estudos regrados do sistema educativo, ata o nivel de máster incluído ou equivalente ou ata 21.000 euros anuais cando, ademais, se trate de estudos no estranxeiro.

En canto ás bolsas para a realización de estudos de doutoramento, elévase a dotación económica exenta ata 21.000 euros anuais se aqueles se cursan en España e ata 24.600 euros anuais cando se efectúen no estranxeiro.

En segundo lugar, procédese a aclarar que, dentro dos gastos de estudo para a capacitación ou reciclaxe do persoal que non constitúen retribución en especie, se encontran tamén aqueles que son financiados por outras empresas ou entidades distintas do empregador sempre que estas empresas ou entidades comercialicen produtos para os cales resulte necesario dispoñer dunha adecuada formación por parte do traballador.

Desta forma, a formación recibida polos traballadores tampouco terá a consideración de renda do traballo en especie para estes últimos, aínda que sexa un terceiro o que, polas razóns apuntadas, financie a realización de tales estudos.

En terceiro termo, elévase a contía diaria exenta das fórmulas indirectas de prestación do servizo de comedor, isto é, os vales-comida ou documentos similares, tarxetas ou calquera outro medio electrónico de pagamento que se entregan ao traballador para atender a dita necesidade.

Para tal efecto, elévase o importe diario exento dos 9 euros actuais a 11 euros diarios, co cal se permite facilitar a cobertura dos gastos ordinarios de alimentación vinculados ao desenvolvemento da actividade laboral.

En cuarto lugar, procédese a adaptar o Regulamento do imposto para incluír os cambios producidos na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das

persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, en relación cos seguros de enfermidade satisfeitos a persoas con discapacidade.

Por outra parte, en relación co mínimo familiar por descendentes procédese a estender a asimilación a estes a quen teña atribuída por resolución xudicial a súa garda e custodia.

Desta maneira dáse resposta a múltiples situacións existentes na actualidade en que, por violencia de xénero ou calquera outro motivo, un xuíz atribúe a garda e custodia do dito menor a un terceiro, permitíndose nestes casos que, por razóns de xustiza tributaria e adecuación do gravame á capacidade económica do contribuínte, este último teña dereito ao mínimo por descendentes respecto de tal menor.

En sexto termo, coa finalidade de avanzar con novas medidas de asistencia e axuda na confección das declaracións, simplifícase a emenda voluntaria de erros cometidos na presentación dunha autoliquidación.

En concreto, fronte á vía tradicional para a presentación dunha solicitude de rectificación de autoliquidación coa cal emendar un erro que tería prexudicado o propio obrigado tributario, prevese, como vía alternativa, a utilización, para tal efecto, do propio modelo de declaración aprobado polo ministro de Facenda e Función Pública.

Desta maneira, ao contribuínte resultaralle máis sinxela a emenda de tales erros, reducindo as cargas administrativas, ao tempo que lle permitirá á Administración tributaria resolver estes procedementos con maior celeridade.

Para lograr tal obxectivo, engádese un novo artigo no Regulamento do imposto, prevendo, por unha parte, a utilización do propio modelo de declaración para presentar unha solicitude de rectificación de autoliquidación e, por outra, incluíndo algunhas especialidades para este caso no procedemento respecto do xeral previsto no Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, aínda que unicamente no ámbito deste imposto.

As especialidades son, por unha parte, o que ao non se realizaren actuacións formais de comprobación, o acordo estimatorio non tería o efecto de peche a posteriores comprobacións. Por outra parte, regúlase a mesma simplificación prevista para a terminación do procedemento de devolución no aludido Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria, consistente na posibilidade de finalización sen resolución expresa, pois no caso de devolucións derivadas da normativa do tributo a situación de facto sería a mesma.

En sétimo lugar, modifícase a obriga de fornecemento de información por operacións de redución de capital con devolución de achegas ou de distribución de prima de emisión, correspondente aos suxeitos que interveñan nas ditas operacións, configurándose a súa obriga de información como adicional e independente daquela que lles corresponde fornecer ás entidades que realizan as operacións, e limitada á información en poder destes últimos, isto é, os datos identificativos das entidades que levaron a cabo estas operacións e as datas en que se produciron estas.

Tamén é obxecto de modificación o ámbito dos obrigados a reter ou ingresar á conta, conferíndose tal condición, por unha parte, á entidade aseguradora, en relación coas operacións realizadas en España por entidades aseguradoras que operen en España en réxime de libre prestación de servizos e, por outra, ao fondo de pensións ou, se é o caso, á entidade xestora, en relación coas operacións realizadas en España por fondos de pensións domiciliados noutro Estado membro da Unión Europea que desenvolvan plans de pensións de emprego suxeitos á lexislación española, conforme o previsto na Directiva 2003/41/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de xuño de 2003, relativa ás actividades e á supervisión de fondos de pensións de emprego.

Desta forma adáptase o Regulamento do imposto ao preceptuado na Lei do tributo.

Por último, o establecemento a partir do 1 de xaneiro de 2017 dun novo suposto de retención ou ingreso á conta en caso de transmisión de dereitos de subscripción preferente,

tanto para entidades cotizadas como non cotizadas, fai necesaria a regulación regulamentaria de tal suposto, de conformidade co disposto na Lei do imposto.

En concreto, procédese a incluír, entre as rendas suxeitas a retención ou ingreso á conta, as ganancias patrimoniais derivadas da transmisión dos dereitos de subscripción preferente procedentes de valores cuxa titularidade lle corresponde ao contribuínte.

Así mesmo, engádense na norma regulamentaria, como suxeitos obrigados a reter ou ingresar nas transmisións de dereitos de subscripción, a entidade depositaria e, na súa falta, o intermediario financeiro ou o fedatario público que interviñese na transmisión.

Polo que respecta ao nacemento da obriga de reter ou ingresar á conta deste novo suposto de retención, especificase que tal obriga nacerá no momento en que se formalice a transmisión, e isto con independencia de calquera que sexa a condición de cobramento pactada. Sen prexuízo do anterior, para o caso de que a obriga de reter ou ingresar á conta recaia sobre a entidade depositaria, aclárase que esta deberá realizar a retención na data en que reciba o importe da transmisión para a súa entrega ao contribuínte.

Ademais, engádese a retención que se debe efectuar, que será o 19 por cento sobre o importe obtido na operación ou, no caso de que o obrigado a efectuala sexa a entidade depositaria, pola mesma razón antedita, sobre o importe recibido por esta para a súa entrega ao contribuínte.

III

No imposto sobre sociedades, modifícase a regulación da información e documentación sobre entidades e operacións vinculadas, regulación que incorpora a obriga de presentar a denominada información país por país, seguindo o esquema previsto nesta materia nos traballos que, desde o ano 2013, se viñeron desenvolvendo no seo da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) e que culminaron no ano 2015 na denominada «Acción 13» que, entre outros aspectos, recolle unha serie de normas tendentes a facilitar esa información.

A Unión Europea, que acolleu os traballos desenvolvidos pola OCDE, elaborou e aprobou con posterioridade a Directiva (UE) 2016/881 do Consello, do 25 de maio de 2016, que modifica a Directiva 2011/16/UE no que respecta ao intercambio automático obrigatorio de información no ámbito da fiscalidade, incluíndo nela as normas aplicables á presentación da información país por país por parte dos grupos de empresas multinacionais.

Aínda que o Regulamento do imposto xa recolle os aspectos substanciais da directiva, porén existen determinados aspectos dela, especialmente en relación co ámbito subxectivo das entidades que deben presentar a información, que se considera conveniente aclarar no dito regulamento.

En materia de retencións establécese un novo suposto de excepción á obriga de reter en relación coas cantidades satisfeitas aos fondos de pensións polos fondos de pensións abertos, cuxo obxecto é canalizar os investimentos doutros fondos de pensións e plans de pensións adscritos a outros fondos de pensións. Así mesmo, adáptanse determinados preceptos á Lei do imposto ou á normativa financeira a que se refiren.

No que se refire á conversión de activos por imposto diferido en crédito exigible fronte á Administración tributaria, adáptase o desenvolvemento regulamentario relativo ao procedemento de compensación e aboamento de créditos exigibles fronte á Facenda pública ás modificacións que se efectuaron na Lei do imposto a partir de 2016.

IV

No que se refire ao imposto sobre sucesións e doazóns, no caso da adquisición de bens inmoables amplíase o contido da declaración do imposto, que deberá incluír a referencia catastral dos inmoables transmitidos co fin de ter a súa correcta identificación, o cal permitirá mellorar a xestión do imposto e facilitará o fornecemento e o intercambio de información entre a Administración xestora do imposto e a Administración catastral.

Ademais, modifícase o Regulamento do tributo, con obxecto de facilitar a súa xestión, sobre todo para os non residentes ou aqueles que por calquera outro punto de conexión deban tributar á Facenda pública estatal, que poderán cumprir coa obriga de acreditación de cumprimento das obrigas respecto ao dito imposto non só coa certificación administrativa material nos documentos de que se trate senón tamén mediante certificación expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

V

Na tramitación deste real decreto, en cumprimento do establecido na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, solicitouse informe de diversas organizacións, así como das comunidades autónomas e das entidades locais.

Este real decreto, de conformidade co preceptuado no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, elaborouse con adecuación aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

Este real decreto dítase en exercicio das respectivas habilitacións legais contidas na disposición derradeira sétima da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, na disposición derradeira décima da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, e na potestade regulamentaria xeral do Goberno, conforme o establecido no artigo 97 da Constitución e no artigo 22 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, e ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de facenda xeral.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de decembro de 2017,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo:

Un. Modifícase o número 2 do artigo 2, que queda redactado da seguinte forma:

«2.1.º O importe da bolsa exento para cursar estudos regrados alcanzará os custos de matrícula, ou cantidades satisfeitas por un concepto equivalente para poder cursar tales estudos, e de seguro de accidentes corporais e asistencia sanitaria do cal sexa beneficiario o bolseiro e, se é o caso, o cónxuxe e fillo do bolseiro sempre que non posúan cobertura da Seguridade Social, así como unha dotación económica máxima, con carácter xeral, de 6.000 euros anuais.

Este último importe elevarase ata un máximo de 18.000 euros anuais cando a dotación económica teña por obxecto compensar gastos de transporte e aloxamento para a realización de estudos regrados do sistema educativo, ata o nivel de máster incluído ou equivalente. Cando se trate de estudos no estranxeiro o dito importe ascenderá a 21.000 euros anuais.

Se o obxecto da bolsa é a realización de estudos de doutoramento, estará exenta a dotación económica ata un importe máximo de 21.000 euros anuais ou 24.600 euros anuais cando se trate de estudos no estranxeiro.

Para os efectos indicados nos parágrafos anteriores, cando a duración da bolsa sexa inferior ao ano natural a contía máxima exenta será a parte proporcional que corresponda.

2.º No suposto de bolsas para investigación, gozará de exención a dotación económica derivada do programa de axuda de que sexa beneficiario o contribuínte.

3.º No suposto de bolsas para realización de estudos de doutoramento e bolsas para investigación, a dotación económica exenta incluírá as axudas complementarias que teñan por obxecto compensar os gastos de locomoción, manutención e estadía derivados da asistencia a foros e reunións científicas, así como a realización de estadias temporais en universidades e centros de investigación distintos aos da súa adscrición, para completar, en ambos os casos, a formación investigadora do bolseiro».

Dous. Modifícase o artigo 44, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 44. *Gastos de estudo para a capacitación ou reciclaxe do persoal que non constitúen retribución en especie.*

Non terán a consideración de retribucións en especie, para efectos do previsto no artigo 42.2.a) da Lei do imposto, os estudos dispostos por institucións, empresas ou empregadores e financiados directa ou indirectamente por eles para a actualización, capacitación ou reciclaxe do seu persoal, cando veñan exixidos polo desenvolvemento das súas actividades ou as características dos postos de traballo, mesmo cando a súa prestación efectiva a efectúen outras persoas ou entidades especializadas. Nestes casos, os gastos de locomoción, manutención e estadía rexeranse polo previsto no artigo 9 deste regulamento.

Para efectos do disposto no parágrafo anterior, entenderase que os estudos foron dispostos e financiados indirectamente polo empregador cando sexan financiados por outras empresas ou entidades que comercialicen produtos para os cales resulte necesario dispoñer dunha adecuada formación por parte do traballador, sempre que o empregador autorice tal participación».

Tres. Modifícase o número 2 do artigo 45, que queda redactado da seguinte forma:

«2. Cando a prestación do servizo se realice a través de fórmulas indirectas, terán que cumprirse, ademais dos requisitos exixidos no número anterior, os seguintes:

1.º A contía das fórmulas indirectas non poderá superar 11 euros diarios. Se a contía diaria é superior, existirá retribución en especie polo exceso.

2.º Se, para a prestación do servizo, se lle entregan ao empregado ou traballador vales-comida ou documentos similares, tarxetas ou calquera outro medio electrónico de pagamento, observarase o seguinte:

a) Deberán estar numerados, expedidos de forma nominativa e neles deberá figurar a empresa emisora e, cando se entreguen en soporte papel, ademais, o seu importe nominal.

b) Serán intransmisibles e a contía non consumida nun día non se poderá acumular a outro día.

c) Non se poderá obter, nin da empresa nin de terceiro, o reembolso do seu importe.

d) Só se poderán utilizar en establecementos de hostalaría.

e) A empresa que os entregue deberá levar e conservar relación dos entregados a cada un dos seus empregados ou traballadores, con expresión de:

No caso de vales-comida ou documentos similares, número de documento, día de entrega e importe nominal.

No caso de tarxetas ou calquera outro medio electrónico de pagamento, número de documento e contía entregada cada un dos días, con indicación destes últimos».

Catro. Modifícase o artigo 46, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 46. *Rendementos do traballo exentos por gastos por seguros de enfermidade.*

Estarán exentos os rendementos do traballo en especie, de acordo co previsto no artigo 42.3.c) da Lei do imposto, correspondentes ás primas ou cotas satisfeitas polas empresas a entidades aseguradoras para a cobertura de enfermidade, cando se cumpran os seguintes requisitos e límites:

1. Que a cobertura de enfermidade alcance o propio traballador e que poderá, ademais, alcanzar o seu cónxuxe e descendentes.
2. Que as primas ou cotas satisfeitas non excedan os 500 euros anuais por cada unha das persoas sinaladas no punto anterior ou os 1.500 euros para cada unha delas con discapacidade. O exceso sobre as ditas contías constituirá retribución en especie».

Cinco. Engádese un número 2 ao artigo 53; a vixente redacción pasa a numerarse como número 1, que queda redactado da seguinte forma:

«2. Para efectos do disposto no artigo 58 da Lei do imposto, asimílaranse aos descendentes aquelas persoas vinculadas ao contribuínte por razón de tutela e acollemento nos termos previstos na lexislación civil ou, fóra dos casos anteriores, a aqueles que teñan atribuída por resolución xudicial a súa garda e custodia».

Seis. Engádese un artigo 67 bis, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 67 bis. *Rectificación de autoliquidacións.*

Os contribuíntes poderán solicitar a rectificación das autoliquidacións presentadas por este imposto utilizando, de forma voluntaria, o modelo de declaración aprobado polo ministro de Facenda e Función Pública.

O procedemento así iniciado rexerase polo disposto nos artigos 120.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e 126 a 128 do Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, coas seguintes especialidades para o caso de que a Administración tributaria, tendo limitado as súas actuacións a contrastar a documentación presentada polo interesado cos datos e antecedentes que consten en poder daquela, acorde rectificar a autoliquidación nos termos solicitados polo contribuínte:

- a) O acordo da Administración non impedirá a posterior comprobación do obxecto do procedemento.
- b) Se o acordo dá lugar exclusivamente a unha devolución derivada da normativa do tributo e non procede o aboamento de xuros de demora, entenderase notificado o dito acordo pola recepción da transferencia bancaria sen necesidade de que a Administración tributaria efectúe unha liquidación provisional».

Sete. Modifícase o número 5 do artigo 69, que queda redactado da seguinte forma:

«5. As entidades que leven a cabo operacións de redución de capital con devolución de achegas ou de distribución de prima de emisión correspondente a valores non admitidos a negociación nalgún dos mercados regulados de valores definidos na Directiva 2004/39/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, relativa aos mercados de instrumentos financeiros, e representativos da participación en fondos propios de sociedades ou entidades, deberán presentar unha declaración informativa relativa ás operacións que, conforme o disposto no

artigo 75.3.h) deste regulamento, non se encontren sometidas a retención, realizadas a favor de persoas físicas, que inclúa os seguintes datos:

a) Identificación completa dos socios ou partícipes que reciban calquera importe, bens ou dereitos como consecuencia das ditas operacións, incluíndo o seu número de identificación fiscal e a porcentaxe de participación na entidade declarante.

b) Identificación completa das accións ou participacións afectadas pola redución ou que ten o declarado en caso de distribución de prima de emisión, incluíndo a súa clase, número, valor nominal e, se é o caso, código de identificación.

c) Data e bens, dereitos ou importe recibidos na operación.

d) Importe dos fondos propios que correspondan ás accións ou participacións afectadas pola redución de capital ou que ten o declarado en caso de distribución da prima de emisión, correspondente ao último exercicio pechado con anterioridade á data da redución de capital ou distribución da prima de emisión e minorado no importe dos beneficios repartidos con anterioridade á data da operación, procedentes de reservas incluídas nos citados fondos propios, así como no importe das reservas legalmente indispoñibles incluídas nos ditos fondos propios.

Adicionalmente, con independencia da correspondente declaración informativa que deben presentar as entidades a que se refiren os parágrafos anteriores, os suxeitos obrigados a presentar a declaración informativa a que se refire o artigo 42 do Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, que interveñan nas operacións de redución de capital con devolución de achegas ou de distribución de prima de emisión, deberán incluír nesta declaración informativa os datos identificativos das entidades que levaron a cabo estas operacións e as datas en que se produciron.

A presentación destas declaracións informativas realizarase no mes de xaneiro de cada ano en relación coa información correspondente ao ano inmediato anterior».

Oito. Modifícase a letra d) do número 1 do artigo 75, que queda redactada da seguinte forma:

«d) As seguintes ganancias patrimoniais:

As obtidas como consecuencia das transmisións ou reembolsos de accións e participacións representativas do capital ou patrimonio das institucións de investimento colectivo.

As derivadas dos aproveitamentos forestais dos veciños en montes públicos.

As derivadas da transmisión dos dereitos de subscripción previstas nas letras a) e b) do número 1 do artigo 37 da Lei do imposto».

Nove. Modifícanse as letras e) e f) do número 2 do artigo 76 e engádesse unha letra i), que quedan redactadas da seguinte forma:

«e) Nas operacións realizadas en España por entidades aseguradoras domiciliadas noutro Estado membro do Espazo Económico Europeo que operen en España en réxime de libre prestación de servizos, estará obrigada a efectuar retención ou ingreso á conta a entidade aseguradora.

f) Nas operacións realizadas en España por fondos de pensións domiciliados noutro Estado membro da Unión Europea que desenvolvan plans de pensións de emprego suxeitos á lexislación española, conforme o previsto na Directiva 2003/41/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de xuño de 2003, relativa ás actividades e á supervisión de fondos de pensións de emprego, estará obrigado a

efectuar retención ou ingreso á conta o fondo de pensións ou, de ser o caso, a entidade xestora».

«i) Nas transmisións de dereitos de subscrición, estarán obrigados a reter ou ingresar á conta por este imposto a entidade depositaria e, na súa falta, o intermediario financeiro ou o fedatario público que interviñese na transmisión».

Dez. Engádesse un número 3 ao artigo 78, que queda redactado da seguinte forma:

«3. No caso de ganancias patrimoniais derivadas da transmisión de dereitos de subscrición, a obriga de efectuar retención ou ingreso á conta nacerá no momento en que se formalice a transmisión, calquera que sexan as condicións de cobramento pactadas.

Cando a mencionada obriga recaia na entidade depositaria, esta efectuará a retención ou ingreso á conta na data en que reciba o importe da transmisión para a súa entrega ao contribuínte».

Once. Engádesse un número 3 ao artigo 99, que queda redactado da seguinte forma:

«3. A retención que se efectuará sobre as ganancias patrimoniais derivadas da transmisión de dereitos de subscrición será o 19 por cento sobre o importe obtido na operación ou, no caso de que o obrigado a efectuala sexa a entidade depositaria, sobre o importe recibido por esta para a súa entrega ao contribuínte».

Artigo segundo. *Modificación do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 634/2015, do 10 de xullo.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 634/2015, do 10 de xullo:

Un. Modifícase o número 1 do artigo 13, que queda redactado da seguinte forma:

«1. As entidades residentes en territorio español que teñan a condición de dominantes dun grupo, definido nos termos establecidos no artigo 18.2 da Lei do imposto, e que non sexan ao mesmo tempo dependentes doutra entidade, residente ou non residente, deberán achegar a información país por país a que se refire o artigo 14 deste regulamento.

Así mesmo, deberán achegar esta información aquelas entidades residentes en territorio español dependentes, directa ou indirectamente, dunha entidade non residente en territorio español que non sexa ao mesmo tempo dependente doutra, así como os establecementos permanentes en territorio español de entidades non residentes do grupo, sempre que se produza algunha das seguintes circunstancias:

a) Que non exista unha obriga de información país por país en termos análogos á prevista neste punto respecto da referida entidade non residente no seu país ou territorio de residencia fiscal.

b) Que non exista un acordo de intercambio automático de información, respecto da dita información, co país ou territorio en que resida fiscalmente a referida entidade non residente.

c) Que, existindo un acordo de intercambio automático de información respecto da dita información co país ou territorio en que reside fiscalmente a referida entidade non residente, se producise un incumprimento sistemático deste que fose comunicado pola Administración tributaria española ás entidades dependentes ou aos establecementos permanentes residentes en territorio español no prazo previsto no presente punto.

Non obstante o anterior, non existirá a obriga de que as sinaladas entidades dependentes ou establecementos permanentes en territorio español acheguen información cando o grupo multinacional fose designado para que presente a

referida información a unha entidade dependente constitutiva do grupo que sexa residente nun Estado membro da Unión Europea, ou ben cando a información fose xa presentada no seu territorio de residencia fiscal por outra entidade non residente nomeada polo grupo como subrogada da entidade matriz para efectos da dita presentación. No suposto de que se trate dunha entidade subrogada con residencia fiscal nun territorio fóra da Unión Europea, deberá cumprir as condicións previstas no número 2 da sección II do anexo III da Directiva 2011/16/UE do Consello, do 15 de febreiro de 2011, relativa á cooperación administrativa no ámbito da fiscalidade e pola que se derroga a Directiva 77/799/CEE.

No caso de que, existindo varias entidades dependentes residentes en territorio español, unha delas fose designada ou nomeada polo grupo multinacional para presentar a información, será unicamente esta a obrigada á dita presentación.

Para efectos do disposto neste punto, calquera entidade residente en territorio español que forme parte dun grupo obrigado a presentar a información aquí establecida deberá comunicar á Administración tributaria a identificación e o país ou territorio de residencia da entidade obrigada a elaborar esta información. Esta comunicación deberase realizar antes da finalización do período impositivo ao cal se refira a información.

Así mesmo, en caso de que, dentro do suposto previsto no parágrafo segundo do presente punto, a entidade non residente se negue a fornecerlle todo ou parte da información correspondente ao grupo á entidade residente en territorio español ou ao establecemento permanente en territorio español, estes presentarán a información de que dispoñan e notificaranlle esta circunstancia á Administración tributaria.

O prazo para presentar a información prevista neste punto concluirá transcorridos doce meses desde a finalización do período impositivo. O fornecemento da dita información efectuarase no modelo elaborado para o efecto, que se aprobará mediante orde do ministro de Facenda e Función Pública».

Dous. Modifícase a letra e) do número 2 do artigo 14, que queda redactada da seguinte forma:

«e) Importe da cifra de capital e outros resultados non distribuídos na data de conclusión do período impositivo».

Tres. O número do último título, «Xestión do imposto», pasa a ser o IV.

Catro. Modifícanse as letras u), y) e z) do artigo 61, que quedan redactadas da seguinte forma:

«u) As cantidades satisfeitas por entidades aseguradoras aos fondos de pensións como consecuencia do aseguramento de plans de pensións.

Tampouco existirá obriga de reter respecto das cantidades satisfeitas polos fondos de pensións abertos como consecuencia do reintegro ou mobilización de participacións dos fondos de pensións investidores ou dos plans de pensións investidores, de acordo co establecido no texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro, e nas súas normas de desenvolvemento».

«y) As rendas derivadas do reembolso ou transmisión de participacións ou accións nos fondos e sociedades regulados polo artigo 79 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1082/2012, do 13 de xullo.

z) As remuneracións e compensacións por dereitos económicos que perciban as entidades de contrapartida central polas operacións de préstamo de valores realizadas en aplicación do previsto no número 2 do artigo 82 do Real decreto 878/2015, do 2 de outubro, sobre compensación, liquidación e rexistro de valores negociables representados mediante anotacións en conta, sobre o réxime xurídico dos depositarios centrais de valores e das entidades de contrapartida central e

sobre requisitos de transparencia dos emisores de valores admitidos a negociación nun mercado secundario oficial.

Así mesmo, as entidades de contrapartida central tampouco estarán obrigadas a efectuar retención polas remuneracións e compensacións por dereitos económicos que aboan como consecuencia das operacións de préstamo de valores a que se refire o parágrafo anterior.

O establecido no parágrafo anterior entenderase sen prexuízo da suxeición das mencionadas rendas á retención que corresponda, de acordo coa normativa reguladora do correspondente imposto persoal do beneficiario das ditas rendas, a cal, cando proceda, deberá realizar a entidade participante que intermedie no seu pagamento a aquel; para este efecto non se entenderá que efectúa unha simple mediación de pagamento».

Cinco. Modifícase o número 8 do artigo 62, que queda redactado da seguinte forma:

«8. Nas operacións realizadas en España por entidades aseguradoras domiciliadas noutro Estado membro do Espazo Económico Europeo que operen en España en réxime de libre prestación de servizos, estará obrigada a realizar retención ou ingreso á conta a entidade aseguradora».

Seis. Modifícase o artigo 69, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 69. *Procedemento de compensación e aboamento de créditos exixibles fronte á Facenda pública.*

1. Os activos por imposto diferido correspondentes a dotacións por deterioración dos créditos ou outros activos derivadas das posibles insolvencias dos debedores non vinculados co contribuínte, non debidos a entidades de dereito público e cuxa deducibilidade non se produza por aplicación do disposto no artigo 13.1.a) da Lei do imposto, así como os derivados dos números 1 e 2 do artigo 14 da Lei do imposto, correspondentes a dotacións ou achegas a sistemas de previsión social e, se é o caso, prexubilación, poderanse converter nun crédito exixible fronte á Administración tributaria, nos termos establecidos nos números 1 e 2 do artigo 130 da Lei do imposto.

2. A conversión dos activos por imposto diferido a que se refire o punto anterior nun crédito exixible fronte á Administración tributaria producirase no momento da presentación da autoliquidación do imposto sobre sociedades correspondente ao período impositivo en que se producisen as circunstancias previstas no número 2 do artigo 130 da Lei do imposto.

3. A conversión de activos por imposto diferido nun crédito exixible fronte á Administración tributaria determinará que o contribuínte poida optar por solicitar o seu aboamento á Administración tributaria ou por compensar os ditos créditos con outras débedas de natureza tributaria de carácter estatal que o propio contribuínte xere a partir do momento da conversión.

4. A solicitude de aboamento do crédito exixible fronte á Administración tributaria realizarase a través da autoliquidación do imposto sobre sociedades. Este aboamento rexerese polo disposto no artigo 31 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e na súa normativa de desenvolvemento, sen que, en ningún caso, se produza a devindicación do xuro de demora a que se refire o número 2 do dito artigo 31.

5. No caso de que o contribuínte inste a compensación do crédito exixible fronte á Administración tributaria con outras débedas, nos termos establecidos no número 4 do artigo 130 da Lei do imposto, deberá dirixir ao órgano competente para a súa tramitación a correspondente solicitude, para cada débeda cuxa compensación pretenda realizar, de acordo co modelo que se aprobará mediante orde do ministro de Facenda e Función Pública. Esta solicitude conterá os seguintes datos:

a) Identificación da débeda tributaria cuxa compensación se solicita, indicando, polo menos, o seu importe e concepto. Indicarase tamén a data de vencemento do prazo de ingreso no caso de débedas con prazo de ingreso en período voluntario.

b) Identificación da autoliquidación en que se xera o crédito exixible fronte á Administración tributaria cuxa compensación se pretenda.

c) Manifestación do contribuínte na cal indique que non se solicitou o aboamento do referido crédito nin se solicitou a súa compensación polo mesmo importe con outras débedas tributarias.

A solicitude poderase presentar en relación con aquelas débedas xeradas a partir do momento da conversión. Esta solicitude non impedirá a solicitude de adiamentos ou fraccionamentos da débeda restante.

A resolución desta solicitude deberase notificar no prazo de seis meses.

No non previsto neste artigo, resultará de aplicación o disposto no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, en relación coa compensación de débedas.

A competencia para tramitar o correspondente procedemento e ditar resolución nos supostos regulados neste artigo establecerase mediante a correspondente norma de organización específica».

Artigo terceiro. *Modificación do Regulamento do imposto sobre sucesións e doazóns, aprobado polo Real decreto 1629/1991, do 8 de novembro.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento do imposto sobre sucesións e doazóns, aprobado polo Real decreto 1629/1991, do 8 de novembro:

Un. Modifícase o número 2 do artigo 66, que queda redactado da seguinte forma:

«2. O documento, que terá a consideración de declaración tributaria, deberá conter, ademais dos datos identificativos de transmitente e adquirente e da designación dun domicilio para efectuar as notificacións que procedan, unha relación detallada dos bens e dereitos adquiridos que integren o incremento de patrimonio gravado, con expresión do valor real que atribúen a cada un, así como das cargas, débedas e gastos cuxa dedución se solicite. Se se trata de bens inmoables, consignarase a súa referencia catastral».

Dous. Engádesse o artigo 87 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 87 bis. *Regulación dos medios de acreditación da presentación e pagamento, se é o caso, do imposto, ante a oficina xestora competente, para os contribuíntes que deban tributar á Administración tributaria do Estado.*

Para os efectos do disposto na normativa reguladora deste imposto, a presentación ante a oficina xestora competente da autoliquidación xunto cos documentos que conteñan actos ou contratos suxeitos ao imposto sobre sucesións e doazóns, así como, de ser o caso, o pagamento do dito imposto, ou a non suxeición ou os beneficios fiscais aplicables, poderanse acreditar, ademais de polos medios previstos na súa normativa reguladora, por calquera dos seguintes:

a) Certificación expedida para tal efecto pola oficina xestora competente da Axencia Estatal de Administración Tributaria que conteña todas as mencións e os requisitos necesarios para identificar o documento notarial, xudicial, administrativo ou privado que conteña ou no cal se relacione o acto ou contrato que orixine o imposto, acompañada, se é o caso, da carta de pagamento ou do correspondente exemplar da autoliquidación.

b) Calquera outro medio determinado regulamentariamente polo ministro de Facenda e Función Pública».

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto apróbase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de facenda xeral.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», e terá efectos desde ese momento, coas seguintes excepcións:

1. Os números dous e cinco do artigo primeiro terán efectos desde o 1 de xaneiro de 2017.
2. Os números un, tres e sete do artigo primeiro terán efectos desde o 1 de xaneiro de 2018.
3. Os números un e dous do artigo segundo terán efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2016.
4. Os números tres, catro, cinco e seis do artigo segundo terán efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2018.

Dado en Madrid o 29 de decembro de 2017.

FELIPE R.

O ministro de Facenda e Función Pública,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO